

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Bases que rexerán o XIV Concurso de Marca-Páxinas e o XX Certame Literario "Bergondo nun Conto"

Asunto: convocatoria do XIV concurso de marca-páxinas e o XX certame literario "Bergondo nun conto".

Anuncio

Por esta alcaldía emitíuse a resolución de alcaldía 427/2019, de data 25 de marzo, que transcrita literalmente di:

"APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O XIV CONCURSO DE MARCA-PÁXINAS E O XX CERTAME LITERARIO "BERGONDO NUN CONTO"

Visto o informe- proposta da concelleira delegada de Cultura, Ensino e Deporte do Concello de Bergondo (A Coruña), Patricia Vázquez Figueroa, con data 25 de marzo de 2019, onde constan as bases do XIV Concurso de marca-páxinas e do XX Certame Literario "Bergondo nun conto", correspondentes á XX Semana das Letras Galegas, e segundo o establecido no artigo 21.1 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: convocar o XIV Concurso de marca-páxinas e o XX Certame Literario "Bergondo nun conto". Neste concurso entregarase un agasallo por participante e un premio por modalidade. Se unha mesma persoa participa no certame e no concurso só se lle entregará un agasallo.

Segundo: aprobar as bases que rexerán este concurso e certame, propostas pola concelleira delegada de Cultura, Ensino e Deporte do Concello de Bergondo, Patricia Vázquez Figueroa, con data 25 de marzo, que se transcriben a continuación:

XX CERTAME LITERARIO "BERGONDO NUN CONTO"

- Hai tres categorías:
 - Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria.
 - 2º e 3º ciclo de Primaria.
 - Secundaria e adultos.
- Versará sobre calquera das seguintes temáticas: "A/s nosa/s biblioteca/s", a importancia das bibliotecas en Bergondo, como serán as bibliotecas de Bergondo nun futuro.
- Os traballos presentaranse en formato DIN A4, formato narrativo ou poesía, a man ou mecanografados.

XIV CONCURSO DE MARCA-PÁXINAS

- Hai catro categorías:
 - Educación Infantil.
 - Educación Primaria (1º, 2º e 3º).
 - Educación Primaria (4º, 5º e 6º).
 - Educación Secundaria e adultos.
- Deberá gardar relación co Día das Letras Galegas ou co autor homenaxeado: Antón Fraguas.
- O marca-páxinas pode presentarse en diferentes formatos.
 - Altura: mín. 10 cm./ máx. 20 cm.
 - Anchura: mín. 4,5 cm./máx. 8 cm.
 - Marxe mínimo en todo o marca-páxinas de 0,5 cm.
- Pódense realizar a man ou ordenador, preferiblemente en cartolina.

BASES COMÚNS DO CONCURSOS

1. A participación supón a total aceptación das bases
2. Presentaranse con todos os datos na parte posterior: categoría, nome, enderezo e teléfono.
3. Poderá participar calquera persoa maior de 3 anos empadroada no concello de Bergondo ou que curse os seus estudos no C.R.A de Bergondo, no C.PI Cruz de Sar, no CPAP de Bergondo ou no CFEA de Guísamo.
4. Os traballos deben estar escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.
5. A entrega realizarase na Casa de Cultura ou na Senra, sendo a data límite de entrega o venres 26 de abril de 2019.
6. Todos os traballos dos concursos expóranse no edificio cultural A Senra durante o mes de maio, coincidindo coa festividade das Letras Galegas.
7. Despois da entrega de premios todos os contos encadernaranse e estarán na aula de lectura da Senra a disposición de todos/as os/as usuarios/as.
8. O xurado estará formado por 3 empregados públicos designados polo concello
9. O fallo: a deliberación do xurado será en segredo, e delas estenderase a acta correspondente. O xurado emitirá os fallos nun máximo de cinco días hábiles a partir da data límite de entrega dos traballos.
10. Haberá un premio por cada categoría. O xurado poderá declarar deserto calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.
11. Todos/as os/as participantes recibirán un agasallo.
12. A organización resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste senso os/as autores/as renuncian a calquera tipo de remuneración económica.
13. O xurado está facultado para tomar a decisión que considere oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases, a participación conleva a aceptación de todas elas.”

En Bergondo, 26 de abril de 2019

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2019/2361